

2021-2022

PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP A Gándara

Rúa Colmeote s/n,15570 Narón A Coruña

ceip.gandara.naron@edu.xunta.gal

2021-2022

ÍNDICE

1. Introducción
2. Marco legal
3. Aproximación conceptual
4. Análise da convivencia no centro
 - 4.1. Características do centro
 - 4.2. Instalacións e recursos
 - 4.3. Contexto
 - 4.4. Alumnado, profesorado e familias
 - 4.5. Estado da convivencia no centro: puntos fortes e débiles
 - 4.6. Actuacións desenvoltas
 - 4.7. Relación coas familias e outras institucións
5. Finalidades do plan de convivencia
6. Medidas e actuacións
 - 6.1. Normas de convivencia no centro
 - 6.2. Medidas preventivas
 - 6.3. Atención á diversidade
 - 6.4. Plan de Acción Titorial
 - 6.5. Condutas contrarias á convivencia e correccións
 - 6.6. Protocolo fronte ao acoso escolar
7. Comisión de convivencia
8. Avaliación
9. Anexos

1) INTRODUCCIÓN

Unha boa educación comporta indubidablemente un bo clima de convivencia escolar. Este plan, elabórase coa finalidade de dispoñer dunha guía que permita acadar un ambiente de convivencia, respecto, fomento do diálogo, mediación e resolución pacífica dos conflitos. É o documento no que se articularán as liñas xerais que se pretenden implantar en tema de convivencia, os obxectivos, normas e as actuacións a desenvolver.

Non debemos esquecer que a convivencia escolar é unha tarefa e unha responsabilidade compartida entre toda a comunidade educativa e a sociedade no seu conxunto.

2) MARCO LEGAL

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado.
- Todas aquelas que poidan xurdir ou que poida encomendar a Administración Educativa.

3) APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

Partiremos do concepto de **convivencia** establecido no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro *“A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida entre toda a comunidade educativa”*.

O **Acoso Escolar** ben definido no protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso como *“unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro ao que escolle como vítima de varios ataques. Trátase dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade na que unha das partes séntese poderosa e asume o papel de agresor e a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima”*

Na Lei 4/2011, do 30 de xuño aparece definido como *“calquera forma de vexación malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outros xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar”* Deben darse e cumprirse simultaneamente 3 criterios: existencia e intención de facer dano, repetición das condutas agresivas e duración no tempo do abuso de poder e desequilibrio das forzas.

4) ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CENTRO

4.1. Características do centro

O CEIP A Gándara é un centro grande, con dobre liña tanto en educación infantil como en educación primaria e cun total de 421 alumnos/as. Este ano,

incluso temos 3 liñas no caso de 5º de educación primaria por un desdobre obrigatorio.

A maiores das 19 aulas correspondentes aos cursos antes sinalados, contamos con ximnasio, ludoteca, biblioteca, comedor, aula de música, de inglés, de relixión católica, de informática e de psicomotricidade, 2 aulas de PT e 2 aulas de AL. Existen tamén despacho de dirección, de orientación, despachos para as titorías de cada ciclo/etapa, sala de mestres, de reprografía e conserxaría, espazo para a ANPA e pequenos habitáculos sen un uso específico. Na parte exterior hai zonas para o recreo de educación infantil e de educación primaria con unha zona cuberta.

Ao carón do departamento de Orientación existe un corredor con unha pequena aula destinada como "*Aula de Convivencia*", un baño e unha aula que serve como almacén.

No referido a recursos humano contamos co seguinte persoal docente: 8 mestras de educación infantil, 12 mestras de educación primaria, 1 mestra con especialidade en francés que funciona como titora, 2 mestres de Ed. Física, 2 mestras de Lingua Estranxeira Inglés, 1 mestra de educación musical, 1 mestra de Relixión Católica, 2 mestras de Pedagogía Terapéutica e 2 mestras de Audición e Linguaxe e 1 orientadora. Grazas á participación no Plan Reforza - T temos un apoio a maiores dunha mestra de apoio nos sextos.

O persoal NON docente do centro sería: 1 administrativa, 1 conserxe e dúas coidadoras. Tamén contamos no servizo de comedor coas monitoras necesarias de acordo á ratio establecida na lexislación pertinente.

Temporalmente contamos cunha limpadora en horario de mañá, grazas ao Concello de Narón, para cumprir coa normativa do protocolo COVID.

4.2. Contexto

O CEIP A Gándara atópase situado no concello de Narón, concretamente no barrio da Gándara que da nome ao centro. Trátase dunha zona urbana, con bastantes servizos preto e unha densidade de poboación bastante elevada e concentrada.

A Gándara limita co Alto do Castiñeiro, A Solaina, O Couto, A Ría de Ferrol e co concello limítrofe; Ferrol.

Foi un barrio que foi medrando exponencialmente dende os anos 80, comezando coa chegada de grandes hipermercados pasando dun monte de Piñeiros a un barrio urbano con múltiples servizos (centros comerciais, polígono industrial, tendas, comercios, biblioteca, centro de saúde, pazo e auditorio da cultura, piscina municipal, pavillón deportivo, local social, restauración...)

A poboación que se foi asentando foi principalmente de traballadores do sector naval do concello de Ferrol e progresivamente persoas con traballos e oficios máis dispares dando lugar a unha importante diversidade de núcleos familiares.

Aínda que o concello de Narón conta con parte urbana e partes rurais subdivididas en parroquias, a meirande parte das familias e do alumnado do noso centro pertencen á zona urbana.

As familias do alumnado do CEIP A Gándara pertencen a unha heteroxeneidade en canto a situación socioeconómica se refire. Aínda que a maior parte pertencen a unha clase media con traballos ben remunerados e contan cun nivel de estudos axeitados, tamén existe unha porcentaxe de familias con moi escasos recursos que precisan de axudas/becas para poder acceder á educación en termos de calidade.

Os ambientes familiares son polo xeral estruturados pero tamén contamos con certa porcentaxe do alumnado con ambientes familiares desestruturados e conflictivos.

4.3. Alumnado, profesorado, familias e institucións

O alumnado do centro é moi numeroso (411) e diverso. Tanto polas Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) que poden presentar como pola súa situación persoal e familiar. Velamos por una integración de todo o alumnado sen distinción achegándonos ao ideal de inclusión na medida do posible.

En canto ao profesorado contamos con titores nas 19 aulas, máis 2 especialistas de educación física, 2 de inglés, unha de música, 1 de relixión, 2 de PT, 2 AL, 1 orientadora e maiores do apoio dunha mestra temporal coa participación no REFORZAT. Do persoal non docente, convén salientar a labor das 2 coidadoras e da conserxe a administrativa.

O profesorado tamén é numeroso e as coordinacións dificultáanse pola escaseza de dispoñibilidade horaria.

As familias participan e axudan nas labores do centro, fundamentalmente a través da ANPA (servizo de madrugadores, actividades extraescolares...) e do Consello Escolar pero tamén a través das colaboracións establecidas cos mestres/as para o cumprimento das tarefas escolares e a posible realización de actividades complementarias e extraescolares.

No referido ás institucións, colaboramos especialmente co Concello de Narón a través da proposta variada de actividades en prol da Convivencia escolar e outras actividades formativas que complementan a oferta educativa do noso alumnado. (formación para a prevención do acoso escolar, educación vial, hábitos de vida saudable, relación coa contorna..)

4.4. Estado da convivencia no centro.

En liñas xerais, o noso centro, non se caracteriza por ser un centro extremadamente conflitivo mais é certo que existen condutas contrarias á convivencia que convén atallar e mellorar . É un colexio moi numeroso no que teñen lugar conflitos entre o alumnado pero que se resolven a través da acción titorial na aula na maioría dos casos; cando non é así, procédese á notificación á dirección do centro para que inicie os trámites necesarios. Normalmente, avisamos ás familias do alumnado afectado para tratar de resolver a través do diálogo e mediante un procedemento conciliado. Se a situación permanece no tempo tómanse medidas máis drásticas como partes ou incluso expulsión temporal do colexio.

Na actualidade, os casos de condutas contrarias a convivencia que son continuados no tempo, están focalizados e postos en coñecemento da dirección do centro coa finalidade de deseñar un protocolo de actuación efectivo. As actuacións dificultáanse posto que, en ocasións, a curta idade do alumnado impide que se poidan implementar as accións ordinarias. É por isto que se trata dunha etapa de experimentación de técnicas e estratexias para valorar a súa eficacia.

O resto de condutas negativas foron postas en coñecemento da familia e optouse polo diálogo, a mediación e a acción titorial como resposta para paliar a situación.

Nos cursos 2019-2020 e 2020-2021 sí houbo casos máis extremos de acoso e de quebrantamento das normas de convivencia do centro que como medida máis drástica remataron en expulsión do centro por uns días e impedimento do servizo de comedor pola alteración que se facía no mesmo.

Estamos pendentes de realizar unha enquisa entre toda a comunidade educativa para valorar a percepción do estado da convivencia por parte de todos os axentes que forman parte do centro.

4.5. Actuacións desenvoltas

Como se anticipaba no epígrafe anterior, ante unha conduta contraria a convivencia actuamos como segue:

Primeiramente intentamos que a solución se atope na **acción tutorial**. Que sexa a figura de referencia para o alumnado a que execute en primeira instancia as medidas precisas que permitan resolver a situación. Polo xeral, diálogo, debate grupal na aula, actividades de cohesión e colaboración co grupo clase, mediación co resto de compañeiros/as e/ou axentes externos, contos, visionado de cortos de educación en valores, normas de aula e cumprimento dos deberes... En caso de precisarse a cesión dunha conduta, óptase por evitar que o alumnado participe dunha tarefa determinada, retirada do tempo de lecer, reflexión, diálogo, ou derivar á **xefatura de estudos e/ou orientadora**.

Se o primeiro é continuado no tempo e o alumnado acumula varias incidencias, pódese proceder á apertura dun parte de faltas contrarias á convivencia escolar. Por acumulación de 3 partes, pode finalizar coa expulsión do centro polo período que se considere necesario.

En todo o proceso, tanto os titores/as como a xefatura de estudos, fai un rexistro minucioso da situación na que tivo lugar o incidente e, de ser necesario, realízanse entrevistas coas persoas observadoras así como cos responsables e a vítima ou persoas implicadas para ter unha visión o máis completa posible do suceso.

Antes da situación COVID procedíase ao cambio de grupo do alumno/a amonestado en determinadas sesións da xornada lectiva ou por un período de tempo determinado.

As actividades desenvoltas respecto dos incidentes nos dous cursos pasados (2019-2021), funcionaron. Cesaron as condutas que distorsionaban o ambiente de aula e centro e cesaron as situacións de acoso.

No presente curso estamos probando diversas estratexias posto que, polo de agora, os conflitos continúan presentes. No caso de educación infantil non son posibles determinadas actuacións xa que non procede coa curta idade do alumnado, polo que optaremos por estratexias máis xerais de relaxación, contacontos, diálogo...

Nos conflitos de educación primaria, continuaremos observando e vixiando para protexer ás vítimas e evitar conflitos futuros.

5) FINALIDADES DO PLAN DE CONVIVENCIA

XERAIS:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e mellora da convivencia no centro
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no fomento da igualdade
- d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución de conflitos que poidan xurdir no centro e empregalos como fonte de aprendizaxe
- e) Facilitar a prevención, detección e a eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes comportamentos homófobos e racistas.
- f) Promover a mediación e a conciliación para a resolución pacífica dos conflitos
- g) Facilitar a participación e a comunicación e cooperación das familias no mantemento da convivencia escolar nos centros docentes

- h) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade.

ESPECÍFICAS:

- Fomentar a formación do profesorado e outros membros da comunidade escolar en materia de convivencia.
- Previr as situacións de acoso escolar e favorecer a súa detección a través de diversas actuacións (Charlas formativas, obradoiros, contacontos,...)
- Clarificar as vías de comunicación para informar, resolver, derivar, notificar posibles situacións conflitivas
- Sensibilizar ao alumnado en materia de convivencia escolar e dotalo de ferramentas ou estratexias para recoñecer, informar, evitar ou controlar situacións de conflito.
- Recuperar a figura de mediadores do 3º ciclo de educación primaria cando a situación COVID o permita.
- Dotar ás familias de información e, de ser posible, formación para detectar condutas nos seus fillos/as que requiran de axuda e intervención así como de ferramentas para educar a favor dun ambiente de convivencia escolar e familiar positivo.
- Incrementar a comunicación e colaboración familia escola como punto clave para a mellora da convivencia.
- Establecer unha comunicación fluída, continua e efectiva cos servizos sociais e/ou orientación do concello e favorecer liñas de actuación cooperativas en beneficio da convivencia escolar.

6) MEDIDAS E ACTUACIÓNS

6.1. Normas de convivencia no centro

As normas de convivencia do centro serán todas as recollidas nas NOF do centro así como todas aquelas concrecións das finalidades educativas.

- Garantir a integridade física e dignidade persoal
- Ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible os obxectivos da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar os recursos á disposición.
- Educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e igualdade no trato e non discriminación das persoas.
- Respecto por todos os membros da comunidade educativa
- Cumprimento das normas de aula e centro
- Coidado e uso respectuoso cos espazos e os materiais e recursos dispoñibles no centro .
- Non portar obxectos nin produtos que sexan perigosos para a saúde ou integridade persoal ou ben que perturbe o normal desenvolvemento das actividades desenvoltas no centro
- Todo o alumnado terá que asistir ao colexio e de non ser posible deberá xustificar as faltas así como as faltas de puntualidade reiteradas.
- O alumnado ten que asistir ao centro co material e o equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das aulas

6.2. Medidas preventivas

Dende o centro lévanse a cabo varias actuacións que teñen por finalidade previr as situacións de condutas contrarias á convivencia e favorecer un clima de convivencia positivo. Tales como:

- Actividades de colaboración, cooperación e debate entre o alumnado dun mesmo grupo para favorecer o autoconhecimento e coñecemento dos compañeiros/as dende o respecto e aceptación das diferencias.
- Visionado de cortos que permiten educar en valores e reflexionar sobre situacións cotiás sobre posibles formas de actuación, dotando así de ferramentas ou estratexias de acción.

- Técnicas de aprendizaxe cooperativo no día a día das aulas para favorecer o compañeirismo e o traballo en grupo: lápices ao centro, 1-2-4, chuvia de ideas, folio xiratorio, Philips 6-6...
- Aplicación aproximada da técnica TEI (titoría entre iguais) para prever as situacións de acoso a través dos mediadores e titores emocionais (actualmente imposibilitada pola situación covid)
- Charlas de sensibilización por parte do Concello de Narón
- Contos nas horas de lectura de aula que apostan pola reflexión e posterior realización de proxectos (Wonder, Orelas de Bolboreta, Ponte mis gafas, como axudo a Antón?, Malena Ballena...)
- Traballar as habilidades sociais na aula e no patio e poñendo en práctica as normas de aula.
- Empregar a caixa de suxestións para informar anónimamente dalgunha situación contraria a convivencia e poder intervir a tempo.
- Realización de sociogramas
- Técnicas de relaxación
- Programa de puntos, carné por puntos
- Técnicas de cohesión grupal con periodicidade cando menos mensual e sobre todo nos grupos máis conflitivos. As apreciacións dos resultados de dita aplicación poñeranse en coñecemento da equipa de convivencia e/ou do ciclo co fin de trasladalo á Comisión de Coordinación Pedagóxica e mellorar a convivencia.
- E todas aquelas que xurdan no curso ou a proposta de calquera axente da comunidade educativa e permitan afondar e prever en materia de convivencia.
- Solicitar ao concello unha escola de pais/nais para prever conflitos de convivencia e mellorar a convivencia no centro, fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

6.3. Atención á diversidade

A atención á diversidade é un punto fundamental para favorecer un clima positivo de convivencia. Todo o alumnado sen distinción ten dereito a ser respectado física e psicolóxicamente. Nos casos de alumnado con NEAE debemos ter especial sensibilidade para que o resto de compañeiros/as sexan coñecedores da situación e comprensivos e respectuosos coas circunstancias particulares que se poidan dar a nivel organizativo e/ou metodolóxico.

O persoal docente tamén debe ser consciente da diversidade á que se enfrenta no seu día a día das aulas para poder adaptar a súa metodoloxía didáctica e a súa organización e que a convivencia escolar non se vexa alterada, pero sendo sensible ás particularidades do alumnado con NEAE que poida precisar duns recursos ou metodoloxías alternativas que escapen das normas de aula establecidas.

Especial consideración debemos ter co alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE), pois serán discentes que poidan amosar condutas desadaptadas ou disruptivas que deberemos reconducir dende un ambiente pedagóxico, incluíndo a totalidade da comunidade educativa.

Por exemplo, se temos como normal levantar a man antes de falar, respectar as quendas de palabra ou non deambular pola aula sen permiso, debemos ser conscientes e empáticos de que unha persoa con diversidade funcional asociada a TEA en educación infantil, por exemplo, poida non ser capaz de cumprir con todas ou algunha das normas de aula. Será labor do titor/a facer reflexionar ao alumnado e que sexa respectuoso con esta situación e aplicar a mesma reflexión para sí mesmo/a.

No referido a alumnado que provén do estranxeiro ou de recente incorporación por calquera razón (acoso, violencia machista, cambio de centro ordinario,...) deberán desenvolverse dende a titoría un plan de acollida para este alumnado co fin de que coñeza as normas e funcionamento do centro e se promova unha

relación respectuosa, colaborativa e de cohesión de grupo co alumnado receptor e todas aquelas incluídas no Plan de Acción Tutorial.

No resto dos casos aplicarase o principio de empatía e coherencia para atender á diversidade do alumnado sen deixar de lado e sen perder de vista o ambiente favorecedor de convivencia escolar.

6.4. Plan de Acción Tutorial

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

3. OBXECTIVOS XERAIS

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

5. ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

6. AVALIACIÓN

1- INTRODUCCIÓN

Este Plan de Acción Tutorial enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación do Centro, segundo establece o Decreto 120/98 polo que se regula a orientación educativa en Galicia (artigo 6) e no Decreto 374/96 que estipula o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de educación primaria (artigos 80 e 81).

A acción tutorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do/a profesor/a para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a e abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do/a alumno/a, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar e a proposta de alternativas que faciliten ao alumno/a a toma de decisións, o seu desenvolvemento como persoa e a socialización.

A acción titorial é responsabilidade de toda a Comunidade Educativa e, polo tanto, debe ser reflexo dos obxectivos fixados e priorizados dentro do Proxecto Educativo e das Concrecións Curriculares.

2- ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. Características do centro

O CEIP A Gándara é un centro grande, con dobre liña tanto en educación infantil como en educación primaria e cun total de 411 alumnos/as. Este ano, incluso temos 3 liñas no caso de 5º de educación primaria por un desdobre obrigatorio.

A maiores das 19 aulas correspondentes aos cursos antes sinalados, contamos con ximnasio, ludoteca, biblioteca, comedor, aula de música, de inglés, de relixión católica, de informática e de psicomotricidade, 2 aulas de PT e 2 aulas de AL. Existen tamén despacho de dirección, de orientación, despachos para as titorías de cada ciclo, sala de mestres, de reprografía e conserxaría, espazo para a ANPA e pequenos habitáculos sen un uso específico. Na parte exterior hai zonas para o recreo de educación infantil e de educación primaria con unha zona cuberta.

Ao carón do Departamento de Orientación existe un corredor con unha pequena aula destinada como “Aula de Convivencia”, un baño e unha aula que serve como almacén.

No referido a recursos humanos contamos co seguinte persoal docente: 8 mestras de educación infantil, 13 mestras de educación primaria, 2 mestres de Ed. Física, 2 mestras de Lingua Estranxeira Inglés, 1 mestra de Educación Musical, 1 mestra de Relixión Católica, 2 mestras de Pedagogía Terapéutica e 2 mestras de Audición e Linguaxe e 1 orientadora. Grazas á participación no Plan Reforza - T temos un apoio a maiores dunha mestra de EP destinada aos sextos.

O persoal non docente do centro sería: 1 administrativa, 1 conserxe e dúas coidadoras. Tamén contamos no servizo de comedor coas monitoras necesarias de acordo á ratio establecida na lexislación pertinente.

Temporalmente contamos cunha limpadora en horario de mañá, grazas ao Concello de Narón, para cumprir coa normativa do protocolo COVID.

2.2. Contexto

O CEIP A Gándara atópase situado no concello de Narón, concretamente no barrio da Gándara que da nome ao centro. Trátase dunha zona urbana, con bastantes servizos preto e unha densidade de poboación bastante elevada e concentrada.

A Gándara limita co Alto do Castiñeiro, A Solaina, O Couto, A Ría de Ferrol e co concello limítrofe; Ferrol.

Foi un barrio que foi medrando exponencialmente dende os anos 80, comezando coa chegada de grandes hipermercados pasando dun monte de Piñeiros a un barrio urbano con múltiples servizos (centros comerciais, polígono industrial, tendas, comercios, biblioteca, centro de saúde, pazo e auditorio da cultura, piscina municipal, pavillón deportivo, local social, restauración...)

A poboación que se foi asentando foi principalmente de traballadores do sector naval do concello de Ferrol e progresivamente persoas con traballos e oficios máis dispares dando lugar a unha importante diversidade de núcleos familiares.

Aínda que o concello de Narón conta con parte urbana e partes rurais subdivididas en parroquias, a meirande parte das familias e do alumnado do noso centro pertencen á zona urbana.

As familias do alumnado do CEIP A Gándara pertencen a unha heteroxeneidade en canto a situación socioeconómica se refire. Aínda que

a maior parte pertencen a unha clase media con traballos ben remunerados e contan cun nivel de estudos axeitados, tamén existe unha porcentaxe de familias con moi escasos recursos que precisan de axudas/becas para poder acceder á educación en termos de calidade.

Os ambientes familiares son polo xeral estruturados pero tamén contamos con certa porcentaxe do alumnado con ambientes familiares desestruturados e conflictivos.

2.3. Alumnado, familias e institucións

O alumnado do centro é moi numeroso (411) e diverso. Tanto polas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) graves que poden presentar como pola súa situación persoal e familiar. Velamos por una integración de todo o alumnado sen distinción achegándonos ao ideal de inclusión na medida do posible.

As familias participan e axudan nas labores do centro, fundamentalmente a través da ANPA (servizo de madrugadores, actividades extraescolares...) e do Consello Escolar pero tamén a través das colaboracións establecidas cos mestres/as para o cumprimento das tarefas escolares e a posible realización de actividades complementarias e extraescolares.

No referido ás institucións, colaboramos especialmente co Concello de Narón a través da proposta variada de actividades en prol da Convivencia escolar e outras actividades formativas que complementan a oferta educativa do noso alumnado (formación para a prevención do acoso escolar, educación vial, hábitos de vida saudable, relación coa contorna..)

3- OBXECTIVOS XERAIS

1. Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as.
2. Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.

3. Coordinar a acción educativa do equipo docente do grupo.
4. Favorecer a participación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos/as.

4- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Centrados nos alumnos/as

- 1.- Facilitar a inclusión dos alumnos/as no grupo clase e na dinamización escolar.
- 2.- Coñecer as características persoais e sociofamiliares dos alumnos/as, a través da análise do expediente persoal, entrevistas cos pais, informes de cursos anteriores, etc.
- 3.- Fomentar o desenvolvemento da identidade persoal procurando desenvolver nos alumnos/as un autoconcepto e autoestima axeitados.
- 4.- Contribuír á individualización e personificación dos procesos de aprendizaxe e a atención á diversidade.
- 5.- Realizar un seguimento dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as que permita detectar posibles dificultades e elaborar respostas educativas adecuadas.
- 6.- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes e hábitos participativos no centro e no entorno social.
- 7.- Avaliar de xeito sistemático o proceso de ensinanza –aprendizaxe co fin de axustar a programación ás necesidades educativas do grupo.
- 8.- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as, e asesorar e orientar sobre a promoción de curso.

Centrados no equipo docente

- 1.- Coordinar a información acerca dos alumnos/as que teñen os diferentes profesionais que inciden sobre o grupo.
- 2.- Coordinar o axuste das programacións do grupo de alumnos/as, en especial para aqueles alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- 3.- Coordinar o proceso de avaliación e recoller a información de cada alumno/a.
- 4.- Posibilitar liñas comúns de actuación con outros titores, no marco do PE e na concreción curricular.

Centrados nas familias

- 1.- Potenciar una relación fluída entre as familias e o centro, con intercambio de puntos de vista.
- 2.- Implicar as familias en actividades de apoio ao proceso de aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- 3.- Informar, asesorar e orientar aos pais en todos aqueles aspectos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- 4.- Pedir a colaboración dos pais nas actividades complementarias do centro e a súa participación en actividades organizadas pola Comunidade educativa.

Centrados no Equipo Directivo do Centro

- 1.- Poñer a disposición do claustro os recursos necesarios para desenvolver o Plan de Acción Titorial.
- 2.- Colaborar na optimización do rendemento académico e educativo do centro.

5- ACTIVIDADES, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS

Centradas no alumnado

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
<p>Actividades de acollida aos alumnos novos, e nos cambios de etapa:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✗ Flexibilización dos primeiros días para o alumnado de 4º EI. ✗ Establecemento de normas de funcionamento na clase. ✗ Presentación de horarios. 	<p>SETEMBRO</p>	<p>Plan de adaptación para o alumnado de 4º EI.</p> <p>Horarios de clase.</p> <p>NOF-C.</p> <p>Plan de convivencia</p>
<p>Integración de novos alumnos no grupo (repetidores, alumnos de novo ingreso...)</p>	<p>SETEMBRO</p>	<p>Xogos de presentación, aficións...</p> <p>(Anexo 3)</p>
<p>Información sobre o historial</p>		<p>Reunión intertutoriais de</p>

académico do alumnado.	do	SETEMBRO	<p>paso de curso.</p> <p>Expediente persoal do alumno/a.</p> <p>Revisión de informes individualizados de avaliación.</p> <p>Rexistros de avaliación individualizados .</p>
Avaliación inicial.		SETEMBRO	<p>Historial académico, observacións, probas...</p>
Solicitude de intervención ou asesoramento DO para os casos que o requiran.	do	AO LONGO DO CURSO	<p>Modelo de solicitude do Departamento de Orientación (anexo 5)</p>
Coñecemento do rendemento, hábitos de estudio e estilos de aprendizaxe individuais e grupais.	do	PRIMEIRO TRIMESTRE	<p>Rexistros de observación.</p> <p>Anecdóticos e Diarios de clase.</p> <p>Sesión de avaliación.</p>

<p>Establecemento das necesidades de apoios e reforzos educativos.</p>	<p>PRIMEIRO TRIMESTRE</p>	<p>Dentro da aula habitual por profesorado con dispoñibilidade horaria.</p>
<p>Atención e seguimento das necesidades de apoios e reforzos educativos.</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Elaboración das Adaptacións Curriculares (1º trimestre, antes do mes de novembro).</p> <p>Observación e avaliacións.</p> <p>Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso (artigo 50, Orde do 8/09/2021).</p>
<p>Recollida de información sobre temas de interese para o alumnado, e posibilidade de realización dalgunha das súas</p>	<p>AO LONGO DO CURSO</p>	<p>Asembleas de clase.</p>

propostas.		
Coordinación de actividades complementarias que fomenten a convivencia.	AO LONGO DO CURSO	Celebracións, excursións, obradoiros, que están reflectidos na PXA. Plan de convivencia.
Desenvolvemento dunha autoestima positiva. Estratexias de mellora.	AO LONGO DO CURSO	Elaboración de actividades, xogos cooperativos para tal fin a incluír na PXA. Plan de convivencia.
Desenvolvemento das habilidades precisas para conseguir unhas axeitadas técnicas de estudio, no alumnado de 3º ciclo.	AO LONGO DO CURSO	Programas de técnicas de estudio. Posibilidade de participación no Plan Reforza-T.
Orientación académica e profesional cos alumnos de 6º nivel de Educaión	3º TRIMESTRE	Xuntanza informativa. Visita ao IES (suprimida pola

Primaria.		situación pandémica).
Elaboración de actividades didácticas, encamiñadas a un maior coñecemento da nosa cultura.	AO LONGO DO CURSO	A través das actividades complementarias .

Centradas no Equipo docente

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Transmisión de información a todos os mestres/as que inciden no grupo de alumnos/as, recollendo as opinións e propostas dos mesmos.	AO LONGO DO CURSO	Reunións. Xuntanzas trimestrais. Xuntanzas de paso de ciclo.
Revisión do Plan de Acción Tutorial.	AO LONGO DO CURSO	Xuntanzas de nivel, etapa e claustro.
Sesións de avaliación.	AO LONGO DO CURSO	Xuntanzas de ciclo.
Decisión sobre a promoción do alumnado dos cursos	3º TRIMESTRE	Criterios de promoción.

de 2º, 4º e 6º (Orde do 25/01/2022, artigo 6).		Xuntanzas de ciclo.
Programación e preparación das actividades complementarias: xornais, visitas, festivais...	PUNTUALMENTE	Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares. Xuntanzas de nivel e ciclo.
Coordinación das actuacións no tratamento do alumnado con necesidades específica de apoio educativo e do alumnado con necesidades educativas especiais e nas actividades de apoio.	AO LONGO DO CURSO	Xuntanzas do DO. Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Elaboración e elección de materiais didácticos.	3º TRIMESTRE	Xuntanzas de ciclo. Claustro.
Cumplimentar documentos do expediente académico do alumnado e todos os informes establecidos por lei (avaliación inicial, final de ciclo, final de	AO LONGO DO CURSO	Informes predifinidos na plataforma XADE.

etapa, traslado,...)		
----------------------	--	--

Centradas nas familias

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Xuntanza xeral de grupo ou nivel de inicio de curso coa posibiliidade de asistencia dos mestres/as que imparten clase ao grupo. Pode ser individual.	SETEMBRO OUTUBRO	Guión xeral para a xuntanza, elaborado nos ciclos. PXA. Circular de principio de curso
Información trimestral escrita dos resultados de avaliación do alumno.	AO LONGO DO CURSO	Boletíns de notas.
Entrevistas persoais individuais. Información periódica sobre a conduta e rendemento académico dos seus fillos/as.	AO LONGO DO CURSO (no horario de atención a pais)	Documentos de titoría
Solicitude de colaboración e participación nas	AO LONGO DO CURSO	

actividades organizadas.		
Información sobre normas de conduta que favorecen a adquisición de hábitos e técnicas de estudio.	AO LONGO DO CURSO	Xuntanza xeral de inicio de curso. NOF-C e Plan de convivencia.
Información sobre orientación académica ao remate de Primaria	MAIO - XUÑO	Xuntanza da xefatura do DO do IES adscrito e familias dos alumnos/as de 6º EP. Visita ao IES de adscrición
Recomendacións e orientacións cara ás vacacións.	XUÑO	Xuntanza de nivel (Voluntarias). Recomendacións escritas cara o verán.
Información sobre a decisión de non promoción de ciclo.	XUÑO	Resultados de avaliación Reunión coas familias, individualmente.
Recomendacións para o futuro alumnado de 4º de Educación Infantil de ingreso no curso seguinte.	XUÑO	Xuntanza do equipo de educación infantil coas familias dos alumnos. Recomendacións de cara ó verán.

<p>Información sobre a flexibilización da duración do período de escolarización para o alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) ou o alumando de altas capacidades (AA.CC.) intelectuais (artigo 58, orde do 08/09/2021).</p>	<p>MARZO (AA.CC.) ABRIL (NEE)</p>	<p>Resultados de avaliación.</p> <p>Xuntanza do equipo docente para valorar a medida (tendo en especial consideración a decisión do titor/a).</p> <p>Reunión coas familias individualmente.</p>
--	--	---

6- AVALIACIÓN

A avaliación do Plan de Acción Titorial levarase a cabo de dúas formas:

1. *Avaliación continua* durante o seu desenvolvemento, que permita ver os progresos e realizar as modificacións oportunas. Os instrumentos a utilizar serán as observacións e o dialogo nas reunións de nivel, de ciclo, da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e nas propias do Departamento de Orientación.
2. *Avaliación final* ao remate do curso. Analizaranse os logros acadados e os aspectos que terán que modificarse no futuro.

Os instrumentos a utilizar serán: cuestionarios, escalas de observación, enquisas, entrevistas, reunións entre os distintos participantes...

Os *criterios de avaliación* defínense como:

- Grao de consecución dos obxectivos. Familias, mestres/as e alumnado.
- Adecuación das actividades ós destinatarios.

- Adecuación da temporalización.
- Implicación dos participantes. Asistencia, participación e colaboración.
- Grao de satisfacción dos implicados.

A valoración sobre os criterios de avaliación realízase de xeito cualitativo e recóllese nunha *folla de rexistro* (Anexo 1).

7- ALUMNADO NEAE

Supón para o curso actual unha importante porcentaxe, polo que ademais da intervención do DO individualizada por alumno/a, realizaranse algunhas intervencións a nivel xeral co profesorado a modo de asesoramento.

Debemos ter en conta que a publicación da Lei Orgánica A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se Modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) persegue a educación integral do ser humano, polo que é preciso guiarnos polos principios de normalización, inclusión, non discriminación e igualdade de oportunidades.

Dende a publicación da Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/11 de atención a diversidade, entendemos o concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) como aquel que fai referencia a aquel alumnado que require dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (NEE), retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Pola súa

parte, enténdese por alumnado con NEE aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, participación e aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe e que requirirá por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela de determinados apoios e atencións educativas específicas.

No anexo 2 recóllese un documento de suxestións para integrar a este alumnado na aula.

6.5. **Condutas contrarias á convivencia e correccións**

En primeira instancia convén definir e diferenciar que son condutas contrarias á convivencia. Distinguimos entre:

Condutas leves contrarias á convivencia: Son aquelas condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, aos actos de discriminación, os actos de indisciplina ou desafío á autoridade, os danos provocados, os actos inxustificadas de asistencia, as actuacións prexudiciais para a saúde ou integridade persoal, portar calquera obxecto prohibido polas NOF-C ou perigoso, a reiterada asistencia sen o material preciso e todas aquelas que se establezan nas normas de convivencia.

Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- As **agresións** físicas ou psíquicas, as inxurias e as **ofensas** graves, as **ameazas** e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- Os **actos de discriminación** grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Os actos individuais ou colectivos de **desafío á autoridade** do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A **gravación, manipulación** ou **difusión** por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten **contra** o dereito á honra, a **dignidade** da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan **acoso escolar** consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- A **suplantación de personalidade** en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por **neglixencia** grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os **actos inxustificad**os que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As **actuacións gravemente prexudiciais para a saúde** e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- **Portar calquera obxecto**, substancia ou produto gravemente **perigoso** para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- A **reiteración**, nun mesmo curso escolar, de **condutas leves** contrarias á convivencia.

- O incumprimento das sancións impostas.

En segundo lugar, debemos ter en conta o **grao de gravidade da conduta á hora de establecer unha medida correctora**. Para iso deberemos cuestionarnos e determinar se existe recoñecemento do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, a obriga de reparar os danos causados, a intencionalidade e/ou reiteración nas condutas, se houbo difusión por calquera medio, a natureza dos prexuízos causados e o carácter especialmente vulnerable da vítima. Igualmente, o axente sancionador, deberá aplicar un principio de proporcionalidade entre gravidade dos feitos e a sanción.

A continuación procederemos á aplicación das medidas correctoras.

Sempre implementase en primeira instancia a **MEDIACIÓN** como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora de calquera conflito que permite de xeito imparcial (grazas á axuda dunha terceira persoa) axudar ás partes implicadas a acadar un acordo satisfactorio para todos. *Actualmente esta medida está paralizada debido á situación COVID.*

	MEDIDA	Docente	Titor	XEF	DIR
<p>Conducta leve</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Prescriben nun mes ▪ As medidas prescriben aos 4 meses ▪ Reiteración no mesmo curso escolar 	Amonestación privada ou por escrito.	X	X	X	X
	Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza función equivalentes nos centros concertados.	X	X	X	X
	Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
	Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora de desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
	Cambio de grupo por un período de ata unha semana.			X	X
	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
	<p>Require resolución por escrito informando á familia e á comisión de convivencia</p> <p>Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>Require resolución por escrito informando á familia e á comisión de convivencia</p>				X

<p>Conduta grave</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Precisan documento constatación dos feitos ▪ Prescriben aos 4 meses. ▪ Procedementos de resolución: <ul style="list-style-type: none"> - Conciliado - Común 	<ul style="list-style-type: none"> a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes. c) Cambio de grupo. d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. f) Cambio de centro. <p>O profesorado elaborará un documento de constatacións dos feitos que terá presunción de veracidade.</p> <p style="text-align: center;">(Ver NOF 14.2)</p>
--	--

No caso de alumnado con problemas de agresividade que se atope na etapa de Educación Infantil:

- Procederemos a un rexistro continuado das condutas desenvoltas para dispor de información coa que solicitar a axuda especializada pertinente.
- Manteranse reunións de tutoría coas familias coa axuda do Departamento de Orientación para, a través dunha estreita comunicación e colaboración familia – escola buscar estratexias de cambio.
- Establecerase o centro de interese e as particularidades de cada neno/a para o deseño dun programa de modificación da conduta o máis específico posible: técnicas de relaxación, contacontos, dramatizacións, tempo fóra na aula de convivencia, ...
- Solicitud de axuda a persoal especializado

-

No caso de alumnado con problemas de agresividade que se atope na etapa de educación primaria procederase como segue:

- 1) O/A titor/a, xunto coa colaboración co Departamento de Orientación, elaborarán un programa de conduta que lle pasarán ás familias, profesorado que imparta na aula coa finalidade de facer un seguimento e modificación da conduta.
- 2) Manteranse reunións periódicas coas familias para valorar a evolución e, en caso negativo, establecer novas pautas de actuación
- 3) Pode optarse por elaborar un horario específico para que non estea na súa aula de referencia as horas nas que resulta máis conflictivo. Nestes caso, cambiarase á aula do seu mesmo nivel sempre que o profesorado receptor estea de acordo.
- 4) Aplicar o tempo fóra na aula de convivencia se a situación é insostible
- 5) Aplicación das medidas especificadas na táboa anterior.
- 6) Solicitarase valoración do Equipo de Orientación Específico tras os informes pertinentes desenvoltos polo centro.
- 7) Solicitarase intervención e axuda a persoal especializado ex: ASPANEPS

6.6. Protocolo fronte ao acoso escolar

Enténdese por acoso escolar “*unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno/a a outro/os ao que elixe como vítima dos seus ataques dunha forma continuada no tempo e de grande intensidade onde existe un desequilibrio de poder (agresor – poderoso e vítima – acosada)*”.

Para poder tipificar unha conduta como acoso escolar ou ciberacoso teñen que cumprirse **tres criterios** de xeito simultáneo:

- Existencia e intención de facer dano onde exista unha vítima concreta e indefensa e unha persoa agresora.
- A repetición de condutas agresivas onde a vítima é branco de varios ataques, unha acción agresiva repetida ao longo de un tempo.
- A duración no tempo ten que ser continuada coa existencia dun esquema de abuso de poder desequilibrio entre persoa forte (acosador/a) e débil/vulnerable (vítima) que impide á persoa acosada saír por si mesma desa situación.

Exemplos de acoso: exclusión ou marxinação social, agresións verbais, agresións físicas ou maltrato (meter medo, ameazar, chantaxear....).

Unha vez se procede á sospeita dunha situación de acoso escolar procédese co protocolo (de carácter confidencial) nas seguintes fases :

1- **Coñecemento, identificación e comunicación da situación:** calquera membro da comunidade educativa e por calquera medio (caixa de suxestións, información ao titor/a...) poderá **poñer en coñecemento** unha sospeita de posible situación de acoso.

Unha vez chegue a coñecemento da dirección do centro estimaranse as medidas de **protección da vítima** (vixilancia, supervisións en baños, evitar contacto co acosador, comunicación coa familia, persoa de apoio á vítima)

Poñerase en **coñecemento da familia** a sospeita a través da dirección do centro transmitindo tranquilidade e buscando a colaboración (deixarase rexistro por escrito) Tamén se pedirá colaboración da comunidade educativa e institucións externas ao centro para velar pola clarificación dos feitos e das medidas de protección precisas.

Se a dirección o considera, estimará un período de 2/3 días lectivos como máximo para **averiguacións previas** para clarificar a situación e, posteriormente, decidirse a pertinencia ou non de **INCOACIÓN** de expediente.

2- *Recollida de información e rexistro:* Para facer a recollida de información recorrerase a procedementos **discretos** e de **diversas fontes** como pode ser a **observación** directa, incremento da **vixilancia**, **entrevistas** individuais, sempre adaptándose á idade e madurez do entrevistado.

Deixarase **todo por escrito** con todos os datos precisos e de maneira concisa e clara. Poderá solicitarse axuda e **asesoramento** a outros axentes educativos como pode ser o departamento de orientación ou EOE, inspección educativa, etc.

3- *Análise da información e adopción de medidas:* Unha vez cotexada a información trasladarase á **dirección** do centro quen **determinará** se existe ou non acoso escolar e se se procede á **incoación do expediente**. Se se estima que SI existe entón procederase a continuar con medidas de protección para a vítima, medidas reeducadoras e correctoras para os agresores e medidas de colaboración co resto da comunidade educativa. Á hora de facer a instrución do expediente, a dirección, **notificarallo ao alumnado** implicado e ás súas **familias**, ao servizo de **Inspección Educativa** e ao profesorado titor do alumnado. Poderá contar e pedir **colaboración ao departamento de Orientación** e á comisión de convivencia.

Para a adopción das medidas podemos optar polo procedemento conciliado ou común.

- 4- *Seguimento e avaliación das medidas adoptadas*: a dirección, ou persoas en quen delegue, encargarse de facer un seguimento da situación e de que as condutas non se volvan a producir. Comprobarase se o adoptado resultou eficaz e informará á Inspección Educativa,.

6.7. Aula de convivencia

A aula de atención educativa e de convivencia é aquela nas que se atende, temporalmente, ao alumnado que, pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva no seu grupo – clase.

Para o seu uso, o profesorado que estea impartindo materia no momento de enviar á aula de convivencia, terá que enviar ao alumno xunto con tarefas para realizar polo tempo en que teña que permanecer na aula e mentres dure a sesión lectiva na que se produzo a conduta inadecuada.

Este alumnado terá que desenvolver o programa de competencias sociais que se regula no artigo 53 da Orde de 8 de setembro de 2021.

As familias serán informadas do motivo polo que o seu fillo/a foi remitido á aula de convivencia e a xefatura de estudos tomará rexistro do alumnado derivado e dos motivos que o propiciaron.

De ser o caso, poderá empregarse esta aula para substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivera temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición dunha medida correctora.

Será o profesorado de garda o encargado de atender a aula de convivencia e poderá contar coa colaboración do departamento de orientación. Este último establecerá unha programación de actuacións destinadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia e favorecer así actitudes responsables e condutas positivas de convivencia.

7) COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia ten carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, velando polo cumprimento e aplicación do disposto neste plan e nas NOF do centro.

Está constituída por:

- A directora (presidenta)
- Xefa de estudos
- 4 representantes do profesorado
- 4 representantes das familias
- 1 PAS

Unha das persoas da comisión actuará como secretario/a levantando acta das reunións que teñan lugar.

Entre as funcións da comisión de convivencia figuran:

- Participación na elaboración do plan de convivencia e dinamización do mesmo entre todos os sectores da comunidade educativa velando polo seu cumprimento.
- Adoptar medidas preventivas para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e cumprimento das normas.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia
- Propoñer ao consello escolar e dar conta ao mesmo das actuacións desenvoltas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- Realizar un seguimento dos compromisos de convivencia
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro
- Aquelas outras que lles sexan encomendadas.

8) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Realizaremos unha revisión constante do presente documento coa finalidade de adaptalo á nova lexislación e idiosincrasia do alumnado e da situación particular do centro escolar.

Para iso teremos en conta as incidencias ou condutas contrarias á convivencia rexistradas, as respostas dadas nas enquisas sobre a percepción da convivencia no centro escolar, escalas de observación, diálogos ou reunións de ciclo, Comisión de coordinación Pedagóxica, Claustros e Consellos escolares.

Toda a comunidade educativa xogará un papel fundamental para lograr unha verdadeira convivencia escolar.

9) ANEXOS

Anexo I:

REGISTRO DE AVALIACIÓN PAT

Grao de consecución dos obxectivos	
<input checked="" type="checkbox"/> PAIS	
<input checked="" type="checkbox"/> PROFESORES	
<input checked="" type="checkbox"/> ALUMNOS/AS	
Adecuación das actividades aos destinatarios:	
<input checked="" type="checkbox"/> REALIZÁRONSE (si/non)	
<input checked="" type="checkbox"/> SUPRIMIRONSE (causas)	
<input checked="" type="checkbox"/> CAMBIOS	

Adecuación e suficiencia dos recursos:	
<input checked="" type="checkbox"/> Utilizáronse todos	
<input checked="" type="checkbox"/> Faltou algo	
<input checked="" type="checkbox"/> Outras	
Adecuación da temporalización:	
<input checked="" type="checkbox"/> Adecuada	
<input checked="" type="checkbox"/> Non adecuada	
Implicación dos participantes:	
<input checked="" type="checkbox"/> ASISTENCIA	
<input checked="" type="checkbox"/> PARTICIPACIÓN	
<input checked="" type="checkbox"/> COLABORACIÓN	
Grado de satisfacción dos implicados:	
<input checked="" type="checkbox"/> Familias	
<input checked="" type="checkbox"/> Profesores	
<input checked="" type="checkbox"/> Alumnado	
Sinala algunha proposta para mellorar o PAT de cara o curso que ven.	

ANEXO 2

SUXESTIÓNS PARA MELLORAR A INCLUSIÓN NA AULA DO ALUMNADO

CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

A inclusión escolar dos alumnos con *necesidades específicas de apoio educativo*¹ en centros ordinarios depende, en moitos casos, de circunstancias que se escapan ás posibilidades do mestre de aula: aspectos normativos e legais, de organización dos centros educativos ou de formación inicial e permanente do profesorado, entre outros (Cuadernos de Pedagogía 1998; Ruiz 2004).

A pesar de todo, sexan cales sexan esas circunstancias, son moitas as medidas educativas que o mestre ten na súa man. É indubidable que, independentemente da forma e a frecuencia en que se proporcionen os apoios, o neno pasará a maior parte do seu tempo na aula, cos seus compañeiros e sen apoio.

Unha vez que o alumno/a con necesidades específicas de apoio educativo se incorpora a aula ordinaria, os apoios precisos lle axudarán a poder seguir o ritmo da clase de acordo coas súas posibilidades, de diferente forma segundo as materias. Non obstante, o feito de que se reforcen determinados obxectivos e contidos non permite por si só que o alumno poida cursar as distintas materias ao mesmo ritmo e do mesmo xeito que os seus compañeiros sen discapacidade.

É necesario que dentro da aula, no marco da propia clase, o mestre tome outras medidas complementarias se quere que o neno participe na mesma.

Algúns mestres argumentan que coas esixencias do currículo que se imparte e o elevado número de alumnos que ten nas súas aulas, é moi complicado que

¹ Enténdese por *alumnado con necesidades específicas de apoio educativo* como aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (NEE), retraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, trastornos de atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ó sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar

poidan tomar medidas educativas para respostar ás necesidades destes alumnos. Sen embargo, sempre se poden levar a cabo accións que, sen supoñer un esforzo excesivo para o docente, poidan mellorar a atención ao alumno desfavorecido.

Ademais da confección das oportunas adaptacións curriculares (AC), no caso de que sexan precisas, pódense empregar algunhas das seguintes pautas metodolóxicas. Son medidas que estando dirixidas a axudar a un alumno concreto no seu proceso educativo, poden ser aplicadas ao conxunto da clase e producir melloras das que se beneficiarán todos os compañeiros (Ruiz, 2003).

Medidas respecto aos compañeiros/as

- A acollida do alumno/a na clase pódese facilitar cunha breve charla previa aos compañeiros, explicándolles algunhas das súas características e dándolles suxerencias sobre como tratalo/a. Para isto poderemos invitar as familias deste alumnado ou a profesionais que nos falen das persoas con esa problemática particular.
- Terase en conta que en moitas ocasións a actitude que mostrarán os demais nenos/as será a que o mestre transmita. En xeral o alumnado acolle ao neno/a con moita naturalidade, xa que soen ter menos prexuízos que os adultos.
- É útil crear a figura do alumno/a titor/a ou compañeiro/a de acollida, válido para calquera alumno/a novo que se incorpore á aula, por exemplo inmigrante, que lle acompañará e axudará durante os primeiros días.
- Levar a cabo actividades con distintos tipos de agrupamentos, individuais, en gran grupo e fundamentalmente en pequeno grupo (Casanova, 1998) fomentará a súa socialización.

Medidas para aplicar na clase

- Partir da idea de que todos os alumnos do grupo-clase deben participar nas mesmas actividades de ensino, o que se debe facer é adaptar esas actividades ao nivel de cada alumno (fin primordial da LOMLOE: **individualización da ensinanza**).
- Estruturar as leccións para todos os alumnos/as, dando unha idea xeral do contido e os obxectivos ao principio, resumindo os puntos clave a medida que se progresa na lección e realizando un repaso ao final da mesma.
- Levar a cabo estratexias de organización da información. Confeccionar antes do inicio de cada lección un mapa conceptual, un cadro sinóptico ou un esquema previo, que recolla as principais ideas do tema que se vai a impartir, para que todos os alumnos/as coñezan con antelación o que se traballará as próximas horas ou días e elaborar un resumo final ao concluír o tema o que lles axudaría a organizar mellor as ideas e avanzar nas súas aprendizaxes máis rapidamente.
- Resaltar as ideas fundamentais de cada lección, ben a partir do libro de texto con técnicas de subliñado ou remarcado ou a partir de guións ou resumos. Desta forma, a mestra axuda aos alumnos/as a realizar tarefas de síntese, entresacando o esencial (as técnicas de estudo aquí resaltadas tamén as podedes traballar na acción tutorial).
- Organizar as clases programando momentos para levar a cabo supervisións individuais dos alumnos ou axudas relativas a aspectos concretos nos que podan ter dificultades. Cinco minutos tras unha explicación ao grupo-clase para que o mestre se acerque ao neno/a con dificultades e comprobe que entendeu, poden ser suficientes.
- Animar aos compañeiros/as para que apoiem ao neno/a e lle axuden coas súas tarefas. A tradicional norma escolar que afirma que “non se pode copiar” debería substituírse por outra que obrigase a copiar. Se o obxectivo

final é a aprendizaxe de todos os alumnos/as, en moitas ocasións unha breve explicación ou modelado dun compañeiro é máis efectivo que todos os esforzos docentes do mestre. Por todo isto debemos facilitar que o alumno ou alumna con neae esteña cerca do mestre e ao lado dalgún compañeiro co que se leve ben e poida asesorar cando quede bloqueado ou simplemente non saiba como facer a tarefa.

- Ter previstos momentos de descanso na aprendizaxe intercalados dentro das sesións de clase, por exemplo, con actividades de libre elección. Para os máis pequenos pódese crear un “recuncho de actividade” con posibilidade de realizar tarefas máis ao seu gusto.
- Confeccionar un banco de materiais en clase, con actividades para cada unidade didáctica con diferentes niveis de dificultade para os distintos alumnos, de reforzo para os que necesitan consolidar as aprendizaxes e de ampliación para os máis áxiles para aprender. Por exemplo, pódense ter preparados textos longos e textos curtos de cada un dos temas. As editoriais normalmente xa teñen este material, de reforzo e ampliación, preparado por unidades.
- Planificar actividades variadas para o mesmo obxectivo, empregando materiais ou soportes de traballo distintos, para facelo accesible a quen aprenden de forma diferente.
- Realizar unha distribución flexible de espazos e tempos. Por exemplo, distribuíndo a clase en zonas de actividade ou talleres e os horarios en función do ritmo de traballo dos alumnos. Os espazos en Educación Primaria son difíciles de flexibilizar pero os tempos non e hai que telos moi en conta porque non todo o alumnado aprende ao mesmo ritmo.
- Limitar as exposicións orais en clase, complementándoas sempre que se poida con outras formas de actividade, máis prácticas e funcionais, que impliquen un maior grado de participación do alumnado.

- Acurtar a duración das sesións de traballo. Dúas sesións curtas soen ser máis produtivas que unha longa para o alumnado con dificultades de comprensión.
- Revisar con frecuencia o traballado previamente, para verificar que non se esqueceron as capacidades adquiridas e que se está producindo unha auténtica consolidación das aprendizaxes. Se cada día despois da explicación dun tema, durante os primeiros 10 minutos de clase facemos un repaso do dado o día anterior a través dunha serie de preguntas animamos a que os alumnos fagan memoria do dado e adquiren mellor as aprendizaxes.

Medidas de coordinación aula ordinaria-mestres especialistas de PT/AL.

- Programar reunións de coordinación e planificación conxunta dos distintos profesionais que traballan co neno/a de forma periódica.
- Posibilidade de elaborar unha carpeta individual para o alumno con dificultades, que levará sempre con el e na que se recollerán os materiais coas actividades que está realizando, tanto na aula ordinaria como na de apoio. Podería incluso levar a carpeta fóra do colexio e traballar algúns aspectos na casa.
- Diseñar unha folla individual do alumno/a con dificultades cos obxectivos e actividades programados para el para un prazo determinado.
- En caso de adaptación curricular (AC), será un resume da súa adaptación curricular para un período de tempo, por exemplo, dúas semanas o un mes ou como máximo un trimestre, que terán como referencia na súa tarefa o mestre na aula e a persoa especialista no apoio (saberemos ao finalizar cada trimestre os obxectivos acadados e os avances ou retrocesos do alumnado para rematar cunha avaliación final que nos servirá de referencia de cara a anos próximos).

- Realizar de forma regular intervencións coordinadas e simultáneas dos dous profesionais, titor e mestre de apoio, co grupo dentro da aula.
- As estratexias cabeza-cola para abordar os distintos temas soen ser moi efectivas. Antes de comezar a lección, no apoio individual, traballaranse algúns dos conceptos fundamentais para que cando se trate o tema, saiba de que se fala. Ao rematar se reforzan tamén individualmente aqueles contidos máis complexos ou abstractos. **EXEMPLO de cómo se podería facer:**
 - Introducción dos obxectivos e contidos na aula ordinaria cun esquema.
 - Traballo dos mesmos na aula ordinaria e na de apoio (so para aquel alumnado que non sexa quen de seguir o ritmo da aula ordinaria).
 - Consolidación a través de repasos diarios e de aqueles aspectos que non quedaron ben claros.
- As mesmas fichas de traballo empregadas no apoio individual polo alumno con dificultades poden ser duplicadas e levadas a clase para favorecer o seu traballo autónomo favorecendo deste xeito a **MOTIVACIÓN** sen caer en excesos coa repetición xa que podemos provocar aburrimiento e cansancio.

ANEXO 3

PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE TITORÍA PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A continuación, propóñense unha serie de dinámicas grupais co obxectivo de favorecer a integración e inclusión do alumnado estranxeiro e/ou de incorporación tardía no seu grupo – clase. As dinámicas pódense adaptar para os diferentes ciclos da educación primaria.

1. DINÁMICAS DE PRESENTACIÓN

a. PRIMEIRA LETRA DO NOME

- Obxectivo: unir persoas para que se coñezan ou para realizar algún traballo.
- Materiais: ningún
- Desenvolvemento: xuntar a todas as persoas cuxo nome comece coa mesma letra ou que na primeira sílaba teñan a mesma vogal.
- Variantes: persoas co mesmo signo. Persoas que cumpran anos o mesmo mes.

b. O BAILE DA CADEIRAS

- Obxectivo: presentación.
- Materiais: Integrantes, cadeiras e música.
- Desenvolvemento: no medio do salón faise un círculo coas cadeiras (unha menos que as persoas que participan), co asento cara fóra, os integrantes deben realizar un círculo por fóra das cadeiras. Unha vez que o coordinador pon música comezan a xirar todos hacia a dereita, cando a

música se apaga os integrantes deben sentarse e lle deben preguntar ao seu compañeiro da dereita e ao da esquerda os seus nomes e as súas idades, se estes se sentan xuntos máis dunha vez, se lles realizan outras preguntas. O que se quedou parado perde pero antes de saír, os seus compañeiros faranlle preguntas persoais para conocelelos. O xogo finaliza unha vez que queda un só participante sentado..

c. TERREMOTO:

Dúas persoas tómanse da man (casa) e colocan a outra no medio (inquilino). Cando o coordinador grita “casa”, a casa cambia de “inquilino”. Cando o coordinador grita “inquilino”, este cambia de casa; e cando grita “terremoto”, desármase todo e se volve a armar.

d. FESTA DE PRESENTACIÓN CON VARIACIÓNS:

- Material: lapis, alfinetes, follas, etc.
- Dáselles 10 minutos para expresarse con calquera das seguintes variacións: caricaturas de si mesmo, debuxo, historieta, etc.

e. IDENTIFICACIÓN CON ANIMAIS:

Colócanse en círculo e se lle pide ao que se considere desenvolto que se presente dicindo o seu nome, idade, o animal co que se identifica e por que e o animal co que non se identifica e o por que. Para seguir coa dinámica, cando remata a súa presentación, elixe a alguén que se presente e así sucesivamente.

f. O BINGO DE PRESENTACION

1. O animador entrega a cada participante unha ficha e lles pide que anoten o seu nome e a devolvan ao animador. Logo se entrega un cartón en branco onde o animador invita aos presentes a anotar o nome dos seus

compañeiros, a medida que o animador os vai lendo, cada un os anota no espazo que desexe.

2. Cando todos teñen listo o seu cartón, o animador explica como se xoga; a medida que vai dicindo os nomes dos participantes fan unha marca no cartón, onde aparece ese nome. A persoa que complete primeiro una fila, recibe dez puntos.
3. O exercicio pódese realizar varias veces.

g. **A PELOTA PREGUNTONA**

1. O animador entrega unha pelota a cada equipo, invita aos presentes a sentarse en círculo e explica a forma de realizar o exercicio.
2. Mentres se entoa unha canción a pelota faise correr de man en man; a unha sinal do animador, detense o exercicio.
3. A persoa que quedou coa pelota na man se presenta ante o grupo: di o seu nome e o que lle gusta facer nos tempos de lecer.
4. O exercicio continúa da mesma maneira hasta que se presenta a maioría. En caso de que unha mesma persoa quede máis dunha vez coa pelota, o grupo ten dereito a facerlle unha pregunta.

h. **PARTES DO CORPO**

1. O animador invita a formar dous círculos (un dentro do outro) con igual número de persoas e pide que se miren fronte a fronte. É recomendable ter unha música de fondo.
2. Pide que se presenten coa man e digan o seu nome, que fai, que lle gusta e que non.
3. Inmediatamente o animador da sinal para que roden os círculos cada un en sentido contrario, de tal forma que lle toque outra persoa en fronte.

4. O animador pide que se saúden dándose unha aperta e pregunten á outra persoa as mesmas preguntas que lle fixeron antes, despois volven a xirar de novo e esta vez se saúdan cos pes, posteriormente cos codos, os ombreiros, etc.

i. A CANASTA DE FROITAS.

1. O animador invita aos presentes a sentarse formado un círculo con cadeiras, o número de cadeiras debe ser unha menos con respecto ao número de integrantes; asina a cada un o nome dunha froita. Estes nomes os repite varias veces, asinando á mesma froita a varias persoas.
2. Enseguida explica a forma de realizar o exercicio: o animador empeza a relatar unha historia (inventada); cada vez que se di o nome da froita, as persoas que recibiron ese nome cambian de asento (o que ao iniciar o xogo se quedou de pe intenta sentarse), pero se no relato aparece a palabra "canasta", todos cambian de asento. A persoa que en cada cambio queda de pe se presenta. A dinámica realízase varias veces, hasta que todos se presenten.

k. NAUFRAGIO

O animador previamente busca que condicións poñer a cada bote: nenos/as con pelo loiro, negro, castaño, con luvas, sen luvas, con ollos azuis, verdes, negros, marróns, con idades: 6,7,8,9,... con nome que empece pola letra a,b,c,d,e,... nome que conteña a letra a,c,b,d,e,...os nenos/as que naceron en xaneiro, febreiro,..., os nenos/as que lles gusten as fresas, plátanos, mazás, lles guste o fútbol, o tenis, o baloncesto, ...lles guste a pizza, filetes, pescado,...

Di que en caso de naufraxio débense formar botes salvavidas coas condicións expostas anteriormente, e que nos botes DÉBESE: aprender os nomes dos náufragos, onde naceron, en que mes e a súa comida favorita.

Cando o animador di “Todos a bordo” comeza a distribución por botes, cando esteñan todos a bordo, comezan as preguntas, e cando diga “Barco á auga” algúns nenos/as presentarán aos seus compañeiros/as.

1. O AMIGO SECRETO

O animador motiva o exercicio facendo notar que é importante actuar con sinceridade e evitar facer bromas pesadas; desta maneira favorecerá a integración do grupo.

Logo explica a dinámica.

Cada persoa debe sacar unha ficha co nome dun compañeiro e gardala en segredo. A esta persoa brindaralle a súa amizade durante o tempo da experiencia (un mes, se o grupo se reúne semanalmente) sen que este o descubra.

Estas mostras de amizade poden ser tarxetas con mensaxes, agasallos, algún servizo, ... Ao final do tempo, cada persoa descobre ao seu amigo secreto. Pódese facer desta maneira: o grupo de senta en círculo: o animador pide un voluntario para iniciar a identificación. Cúbrelle os ollos e coloca ao seu lado ao amigo secreto. O animador interroga ao voluntario sobre a identidade do seu amigo segundo as pistas recibidas. Despois o invita a descubrirse os ollos e coñecer ao seu amigo. Poden facer un intercambio de agasallos.

m. “ BUSCA A ALGUÉN QUE...”

- Obxectivo: Axudar a un grupo a presentarse de maneira dinámica.
- Desenvolvemento: O animador dará as seguintes instrucións; Para completar un formulario que vos darei, debes buscar entre os membros do grupo un que reúna as características que se piden na pregunta. Non podedes repetir un nome dúas veces, nin consultar co

interesado a resposta. Se xa vos coñecedes algo é preferible non poñer o nome e descubrir outro coas mesmas características.

- Material: Formulario e bolígrafo.
- Observacións: Esta técnica pode referirse a múltiples características dependendo da situación.

Busca a alguén que...

- ❖ Teña a mesma cor de ollos
- ❖ Teña a mesma cor de pelo ...
- ❖ Que lle guste bailar como a .
- ❖ Que teña un can
- ❖ Que fora algunha vez a un campamento
- ❖ Que fixera teatro.
- ❖ Que vira “Blancaneves e os sete ananitos”
- ❖ Non lle guste a sopa
- ❖ Fora algunha vez a cazar gamusinos
- ❖ Lle ulan os pes
- ❖ Cumpra os anos o mesmo mes que ti
- ❖ Que use o mesmo número de zapato que ti
- ❖ Que montara en barco algunha vez
- ❖ Que fora de viaxe fora de España
- ❖ Que lle gusten as fresas
- ❖ Que vira un león

- ❖ Que lle guste o fútbol
- ❖ Que.....

n. A CANASTA REVOLTA

- Obxectivo: Axudar á presentación do grupo de persoas que non se coñecen dunha maneira divertida e activa.
- Desenvolvemento: as persoas se colocan nun círculo e o animador colócase no medio. Este se dirixe a un dos participantes, se lle di: “limón” terá que dicir o nome do compañeiro da súa esquerda. Se lle di: “laranxa” dirá o nome do da súa dereita e si di: “canasta revolta” todos cambiarán de sitio. O último que se sente pasará a ocupar o centro. Existen cadeiras para cada participante menos para o do centro.
- Material: cadeiras.

o. BUSCANDO PARELLA.

- Definición: O animador reparte entre o grupo diferentes obxectos (caramelos, pezas xeométricas..) Cada persoa debe buscar a súa parella e presentarse.
- Obxectivos:
 - Favorecer o primeiro contacto entre os membros dun grupo novo
 - Romper o xeo.
- Participantes: Indiferente
- Material: Obxectos diferentes (caramelos de cores, figuras xeométricas de diferentes formas...).

- Consignas de partida: Cada persoa collerá un obxecto da bolsa, sen mirar e non se pode cambiar.
- Desenvolvemento:

O animador introduce nunha bolsa ou caixa unha serie de parellas de obxectos, por exemplo caramelos de diferentes cores. Vai pasando a caixa por todo o grupo para que cada persoa colla unha peza sen mirar.

Cada persoa ten que buscar a súa parella, por exemplo os que elixiron o caramelo de cor vermello, séntanse xuntos e falan entre eles dicindo o seu nome, aficións, que lles gusta facer no seu tempo de lecer... Se lles que estarán moi atentos ao que lles diga o compañeiro xa que logo eles terán que presentalo ao resto do grupo.

Cada membro da parella presenta despois á persoa coa que ha estivo falando ao resto do grupo.

2. DINÁMICAS DE INTEGRACIÓN

a. O ESPELLO

- Definición : Consiste en imitar as accións do compañeiro/a.
- Obxectivos
 - Percibir a imaxe que damos aos demais.
 - Coñecemento do esquema e da imaxe corporal interna e externa.
- Participantes : Grupo, clase, ... a partir de 6 anos.
- Consignas de partida: farase lentamente nun principio para que o noso compañeiro poida imitarnos. Intentar que os movementos sexan o máis iguais posibles.

- Desenvolvemento : Por parellas, desde a posición de sentados un dirixe e o outro fai de espello, primeiro a nivel facial, despois tamén co tronco e os brazos. Logo de pe con todo o corpo. Cambiar de papeis.
- Variantes: Facelo a distancia.

b. COMPETENCIA DIVERTIDA

- Material: 1 folla con cuestionario para cada participante, 1 lapis
- Dirixida: a nenos.
- Regras: distribúese nunha folla as seguintes preguntas a cada participante. Teñen 4 minutos para contestar.

1. Comezan por conseguir o nome e a firma da persoa que está máis cerca de ti.
2. Consegue a firma ou nome da persoa co máis bonito sorriso.
3. Agora consegue o nome ou a firma da persoa cos ollos máis bonitos.
4. Non perdas a oportunidade de conseguir o nome da persoa co pelo máis corto.
5. Conta hasta dez e consegue a firma da persoa que pese máis.
6. Busca a firma dunha persoa que teña algunha prenda azul.
7. Fai que firme a persoa que ao teu xuízo sexa máis simpático.
8. Consigue a firma ou nome da persoa máis guapa.
9. Agora consigue o nome ou a firma da persoa que pese menos.
10. Agora pon a túa firma e berra xa rematei. Ao final faise un plenario, para ver o gañador de cada pregunta.

Pódena modificar e co seu inxenio pode ser máis divertida.

c. O GRITO NA SELVA

- Material: Papeletas co nome de animais machos; outras papeletas cos mesmos animais femias, e outros co nome da cría destes. Por exemplo, Galo - galiña - pollito; cabalo, egua, poldro...
- Disposición: Todos (sen equipos) póñense en círculo, de pe ou sentados.
- Regras:

Todos os xogadores reciben do guía unha papeleta en secreto e non deben abrila hasta que se lles indique. O guía conta unha pequena historia na que os animais dun zoolóxico saen das súas respectivas gaiolas, confúndense e despois tratan de encontrar a súa respectiva familia, orixinando unha bulla tremenda.

Ao final da historia, o guía ordena que todos abran as súas papeletas e empecen a emitir o grito característico do animal que lles tocou, para atopar, así, aos demais membros da súa familia. Unha vez se atopan, séntanse xuntos. É importante recordar que os animais non falan nin saben ler (para maior seguridade, recoller os papeis).

- Valor: Emoción, alegría, expresión corporal.

ANEXO 3

SEGUIMIENTO INDIVIDUAL DO ALUMNADO

CARPETA TITORIAL

1. Datos persoais do alumno/a:

NOME	
APELIDOS	
DATA NACEMENTO	
IDADE	
TELÉFONO	
REPETIU ALGÚN CURSO?	
RELEXIÓN / ALTERNATIVA	
OUTROS DATOS DE INTERESE	

2. Datos familiares:

NOME DA NAI		PROFESIÓN	
NOME DO PAI		PROFESIÓN	

IRMÁNS	
ENFERMIDADES IMPORTANTES	
OBSERVACIONES:	

3. Medidas de atención á diversidade.

CURSO	REFORZO EDUCATIVO	APOIO DE PT	APOIO DE AL	ADAPTACIÓN CURRICULAR
4° EI				
5° EI				
6° EI				
1° EP				
2° EP				
3° EP				
4° EP				
5° EP				
6° EP				

4. Evolución Académica.

MATERIAS SUSPENSAS:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE

FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE:

SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO	XANEIRO
FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
Seguimento xeral:				
DATA	INCIDENCIA	MEDIDAS		

5. Actuación coa familia.

Rexistro das datas de entrevistas e do seu desenvolvemento.

Data da cita á familia, realizada a través do alumno/a (A) ou por teléfono (B).	Reunión/ Acordos
Data das citas á familia mediante carta	Reunión/ Acordos

ANEXO 4

SEGUIMIENTO DO GRUPO

CONTROL - COMUNICACIÓN e XUSTIFICACIÓN das FALTAS.

- Mediante os modelos normalizados da aplicación XADE.

ANOTACIÓN CITAS COAS FAMILIAS.

DATA E HORA DA REUNIÓN	FAMILIAS DO ALUMNO/A

ANEXO 5

DOCUMENTACIÓN XERAL

REGISTRO INDIVIDUAL DE INCIDENCIAS

NOME			
CURSO			
DATA			
MESTRE			
HORA		Asdo:	

MOTIVOS

	Interrupción verbal reiterada
	Non obedecer ordes reiteradamente
	Insultar aos/ás compañeiros/as
	Insultar ao/a mestre/a
	Pegar aos/ás compañeiros/as
	Pegar ao/á mestre/a
	Outros:

Mestre de garda que o atendeu na aula de convivencia	Asdo:
--	-------

CONDUTA CO MESTRE/A DE GARDA

	Negación
	Colaboración
	Agresividade

ACTIVIDADES DESENVOLTAS POLO MESTRE/A DE GARDA

	Fichas de convivencia
	Traballos de clase
	Reflexión
	Outros:
Tempo:	

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Don/a _____ -

Titor/a do nivel-grupo: _____ Curso: 20___/20___

SOLICITA _____ para _____ o/a _____ alumno/a

a intervención do responsable do Departamento de Orientación do centro, a fin de que se lle realice unha avaliación psicopedagóxica. Manifestando ademais que os titores legais do/a alumno/a están informados de que vai ser intervindo polo departamento de orientación para valorar as súas necesidades educativas.

INFORMACIÓN E DATOS QUE APORTA O/A TITOR/A

1.- Motivo principal da demanda

2.- Datos familiares e de saúde relevantes

3.- Aspectos sociais e de integración

4.- Comportamento

5.- Atención, metodoloxía e capacidade de traballo

6.- Dificultades na aprendizaxe xeral

7.- Dificultades na lingua oral

8.- Dificultades na lectoescritura

9.- Dificultades no cálculo e razoamento matemático

10.- Competencias nas que atopa máis dificultades

11.- Cualificacións obtidas na última avaliación

12.- Datos relevantes do seu historial académico (traslados, absentismo, sancións ...)

13.- Outros aspectos

Narón, a _____ de _____ de 20____

O/A Titor/a

(a cubrir pola xefatura do Departamento)

Asdo.: _____

DATA DE RECEPCIÓN: _____

Anexo II: Aula de convivencia

A aula púxose en funcionamento hai varios cursos e cumpre unha triple función:

- a) Atender al alumnado que por problemas condutuais que non pode permanecer na súa aula.
 - b) b)Derivar aos casos atendidos a outras instancias do Centro.
 - c) Facer de termómetro da conflitividade no Centro.
-
- É un **instrumento vertebrador** da convivencia no centro
 - É un espazo **solidario e confidencial**, para a reflexión persoal para el alumnado sobre as consecuencias de determinados comportamentos que interfieren no desenvolvemento das clases ou que derivan en conflitos con outros alumnos ou co profesorado.
 - É un espazo pensado para alcanzar acordos e compromisos que axuden ao alumnado a superar situacións que entorpecen su desempeño académico, en colaboración con tódalas instancias educativas do centro e as familias.
 - É un espazo de traballo, no que o alumnado, coa supervisión do seu titor e profesores, continuará realizando tarefas e actividades relacionadas coas que desenvolven os seus compañeiros de clase, así como algunhas específicas relacionadas coas Habilidades Sociais de traballo na Aula de Convivencia dirixidas a axudarlle á reflexión e la resolución de aqueles problemas que orixinaron súa derivación á Aula.
 - É un punto de partida para o seu seguimento posterior dende Orientación e Xefatura de Estudos, axudándolle a conseguir os compromisos que se marquen á súa saída da aula, ademais de aportarlle unha referencia á que acudir en caso de verse en grandes dificultades para cumprilos.
 - É unha alternativa construtiva aos expedientes ordinarios que se realizaban ata a súa creación, cun tratamento do alumnado durante a duración del expediente, e non só a súa expulsión temporal do centro.

3. RAZÓNS QUE XUSTIFICAN ESTA ACTUACIÓN.

Na escola sempre vai haber conflitos, como resposta a situacións cotiás da vida social, escolar e emocional, nas que se dan enfrontamentos de intereses, discusión e necesidade de abordar o problema. Xorde, entón, a necesidade de abordalos dende a intervención socio educativa.

- No noso centro educativo ás veces se detectan condutas **disruptivas** por parte dun número reducido de alumnado. Pensamos que a posta en marcha dunha Aula de Convivencia podía constituír unha ferramenta eficaz para tratar adecuadamente este tipo de condutas.

As máis frecuentes son:

CARA O MATERIAL:

Non traer o material necesario

Danos/roubos ao material do centro (mobiliario, libros, etc...) ou pertenzas doutras persoas

CARA OS COMPAÑEIROS/AS:

Interromper

Insultar

Pelexas e/ou ameazas aos compañeiros

Acoso ou intimidación

...

CARA OS ADULTOS (PROFESORADO E OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA)

Mentir

Interromper constantemente

Non traballar

Non facer caso

Faltas de respecto: enganos, burlas, malas contestacións, non seguir as indicacións...

4. OBXETIVOS DA AULA DE CONVIVENCIA.

- Empregar espazos diferentes para **aprender a resolver os conflitos** de maneira pacífica, reflexiva, dialogada y transformadora.
- Axudarlle ao alumno/a a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Favorecer o respecto cara as normas de convivencia establecidas polo centro.
- Fomentar o respecto aos profesores e a os compañeiros.
- Intervir e eliminar os comportamentos disruptivos na aula e outros espazos do centro protagonizados polo alumnado alumno.
- **Ensinar a reflexionar** ao alumno/a que fose expulsado/a do seu grupo clase.
- **Desenvolver** nos alumnos/as, a capacidade de actuar con **intelixencia emocional**.
- Posibilitar que aprendan a **responsabilizarse das súas propias accións, e da súa repercusión** sobre os demais.
- Valorar as causas da expulsión e **establecer compromisos** de actuación.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Reforzar o autocontrol e autoestima do alumno/a
- Mellorara vida académica e persoal do alumno ou alumna.
- **Mellorar o clima** de convivencia do Centro en todos os espazos escolares.
- **Xerar confianza** en medios alternativos á expulsión.
- **Analizar los datos** que xera a AC, cuantitativa e cualitativamente.
- **Colaborar**, aportando información e opinión, **con Xefatura de Estudos, Titorías, Departamento de Orientación** e outros equipos.

- **Ser unha canle de información**, que poida axudar ao alumno/a e a súa familia na mellora de su vida persoal e académica.

5. COMO SE ACCEDE Á AULA?

Derivación do titor/a ou profesor/a de aquel alumno/a que cumpra o seguinte perfil:

1. **Alumno/a** que tivo unha conduta contraria ás normas de convivencia e foi apercibido
2. O alumno ou alumna debe **recoñecer espontaneamente** ante o profesorado a incorrección da súa conduta, valorando a súa derivación á aula de convivencia.
3. **Un alumno/a pode ser enviado/a** 10 veces máximo á A.C durante o curso **por condutas leves**, 5 veces máximo **por condutas graves**.
4. **El alumno/a, así como a súa familia**, serán informados e deberán **firmar a ficha de compromiso**.
- 5.

6. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

1. O alumno/a é **acompañado** á Aula de Convivencia polo profesor/a implicado.
2. Acompañase de **informe de derivación** (anexos).
3. O **profesor/a** responsable na Aula recibe ao alumno/a, **enche a folla individualizada do alumno** (anexo), a **folla de seguimento da aula** (anexo).
4. O alumno/a cumprimenta unha **ficha de reflexión e compromiso** (anexos).
5. O alumno/a **comprométese a reparar o dano causado**. Introdúcense os datos do alumno, da conduta e a valoración da entrevista no **registro da A.Convivencia** levado a cabo pola xefatura de estudos (Anexos).
- 6.-Ademais, o alumno/a **entregará á súa familia unha folla de compromiso familiar**, que servirá á vez para que estes queden informados da conduta do

seu fillo/a. Igual é mellor usar unha canle institucional, porque moitos nenos/as poden facer caso omiso e non entregar dita folla no fogar ou mesmo destruíla.

7.-Empregaremos a **axenda escolar nos casos en que a teñan.**

8. A **permanencia** nela, non excederá o tempo que dure a sesión lectiva en que se producise a conduta inadecuada.

A asistencia á aula de convivencia é compatible con outro tipo de intervencións (traballo coa familia, traballo co grupo, busca de axuda externa, técnicas de modificación de conduta, ...)

7. REQUISITOS DO ALUMNADO PARA ACCEDERÁ AULA DE CONVIVENCIA. DEBERES DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA.

- O alumnado susceptible de utilizar esta aula pode proceder de calquera curso.
- A derivación á aula de convivencia só se tomará despois de esgotar as medidas da aula (normas límites, advertencias, sancións...).
- Para ir á aula de convivencia é obrigatorio encher a folla de derivación explicando o conflito, en ningún caso se accederá sen folla de derivación.
- A estancia dun alumno na aula de convivencia é un paso máis nun proceso de reeducación que debe iniciarse na aula ordinaria e de finalizar tamén na aula ordinaria.
- Sexamos conscientes de que a aula de convivencia serve para traballar de forma individualizada conflitos ou comportamentos que afectan á convivencia cos iguais ou con outros membros da comunidade educativa, sempre e cando se esgotaranas medidas correctivas na aula ou do recreo.

- Ningún alumno/a estará en na aula de convivencia para facer tarefas non terminadas o deberes non realizados en casa. Se o problema dos deberes é reiterativo e por motivos de falta de apoio familiar e interese do alumno/a, nese caso acudirá á aula de convivencia para cambiar esta conduta.
- O/a responsable del aula de convivencia non estará pendente de si fai ben ou mal a súa tarefa senón que o seu obxectivo é **modificar a conduta do alumno**.
- Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas. Tal como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021, artigo 47 *“Non se enviará ningunha alumna nin ningún alumno a unha aula de atención educativa e convivencia sen tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esa aula proporcionar as tarefas que cada alumna ou cada alumno deban realizar, así como corrixilas e avalialas.”*.
- O alumnado reincidente na mesma conduta e que fora enviado á Aula de Convivencia ao menos en tres ocasións, deberá ser obxecto de medidas de carácter disciplinario distintas das contempladas en relación coa Aula de Convivencia.

8. HORARIO E ORGANIZACIÓN DA AULA

1.Apertura: En horario lectivo, durante 25 sesións lectivas semanais, porque calquera alumno/a poderá ser derivado/a á Aula de Convivencia nos momentos en que presente conduta disruptiva. Agás nos recreos nos que non hai gardas dispoñibles. Neste caso, serán atendidos polo profesorado de garda no recreo e comunicará o incidente ao titor/a e á xefatura de estudos.

- **NÚMERO DE ALUMNOS/AS SIMULTÁNEAMENTE EN EL A.C**

Mentres se manteña a pandemia o número máximo sería 1 (polos grupos burbulla), e despois non máis de 2 á vez.

1. Profesorado responsable e coordinación:

A Aula é atendida por profesorado responsable da aula. .

Dentro de cada quenda de garda, haberá un profesor/a con preferencia para atender a aula; se debido á necesidade de profesorado para realizar substitucións non houberse de garda ningunha persoa libre, avisarase a aquelas persoas que estean facendo a labor de apoio, ao/á orientador/a do centro ou a algún membro do equipo directivo, por esta orde.

Acórdase en Claustro que todo o profesorado participará dunha maneira ou outra no proxecto de A.C. Dito profesorado participa en:

- A adaptación do plan de convivencia
- Na inclusión da convivencia no Plan de Acción Titorial.
- Análise global dos datos.
- Acudir a reunión que convoque a Xefatura de Estudos.

9.-LUGAR OU INSTALACIÓN

A Aula de Convivencia está **ubicada na sala que se atopa no corredor do Departamento de Orientación**, a que se acudirá entrando pola aula anexa que hai no acceso á terraza.

O profesorado responsable da aula de convivencia **debe velar sempre polo coidado do material** existente. En dita Aula deberá existir sempre:

- Copia dos anexos (rexistros, seguimento,...)
- Fichas, lecturas... de reflexión
- Material didáctico específico para levar a cabo as intervencións pedagóxicas que requira cada caso. (VER ANEXO).
- Recopilación de libros e textos de biblioteca, situados na aula, con temática e actividades de uso en ditas intervención.
- Material presente no Departamento de Orientación.
- Material de escritura (lapis e papel),

ANEXO III: GARDAS CONVIVENCIA

09:00-09:50	MÓNICA (GARDA C) TERE (GARDA) SUSANA (COORD) ANA GRANA (XEFATURA) CARLOTA(TP) SABELA (TP)	LORENA (GARDA) LOLA(GARDA C) BELEN C. (APOIO) NURIA G. (COORD) ANA GRANA (XEFATURA) QUIQUE (TP)	SABELA(GARDA) CARLOTA (GARDA C) ANABEL (GARDA) PAULA ("APOIO" PSICO) ANA GRAÑA (XEFATURA) BELEN C. (TP) ANILDA (TP)	TERESA(GARDA) ANILDA (GARDA C) CARMEN (APOIO) ELENA (APOIO) FÁTIMA ("APOIO" PSICO) ANA GRANA(XEFATURA) ANA AYALA(DIRECCIÓN)	CARMEN (GARDA) SABELA (GARDA C) LOLA (APOIO) ANA GRANA (XEFATURA) EVA (TP)
09:50-10:40	EVA (GARDA) BELEN B (GARDA C) CARMEN (APOIO) ANA AYALA (DIRECCION) LOLA (TP)	ANILDA (GARDA) CARMEN (GARDA C) CARLOTA (APOIO) ELENA (APOIO) ANA AYALA (DIRECCION) LOLI B.(TP)	SU SANA (GARDA) ANA RIELO (GARDA C) M. MAR ("APOIO" PSICO) EVA (COORD) ANA AYALA (DIRECCION) NURIA G (TP) BERNARDO (TP)	LOLA(GARDA) EVA (GARDA C) LOLI (GARDA) ALBA ("APOIO" PSICO) M JULIAS(SECRETARIA) BELEN B (TP)	BERNARDO (GARDA) LUCIA (GARDA C) TERESA (APOIO) ANA AYALA (DIRECCION) PAULA (TP)
10:40-11:30	M. LUCIA (GARDA) MARIA R(GARDA C) ELENA (APOIO) ANA AYALA (DIRECCION) FATIMA (TP)	MÓNICA (GARDA) FATIMA (GARDA C) LUCIA (APOIO 3º) ANA AYALA (DIRECCION) ARIADNA(TP) TERESA (TP)	ARIADNA (GARDA) ANA MARQUEZ(GARDA C) CARMEN (APOIO) LUCIA COORD) ANA AYALA (DIRECCION) ALBA T (TP) ELENA (TP)	MARIA REY(GARDA) BERNARDO(GARDA C) LUCIA (COORD) M JULIAS (SEC) ANA GRANA (TP) MONICA (TP)	ANA RIELO(GARDA) LORENA (GARDA C) ELENA(GARDA) ANA AYALA (DIRECCION) SUSANA (TP) MARIA MAR (TP)
12:20-13:10	SU SANA(GARDA) NURIA G (GARDA C) ANILDA (APOIO) SABELA(APOIO) ALBA T. (COORD) M JULIAS (SECRETARIA)	BELEN B.(GARDA) PAULA (GARDAC) BELEN C (APOIO) EVA (COORD) BERNARDO (COORD) M JULIAS (SECRETARIA)	BELEN C. GARDA) ELENA (GARDA C) LOLI B. (GARDA) CARLOTA (COORD) LOLA (COORD)	NURIA(GARDA) ALBA T (GARDA C) CARLOTA(APOIO) LOLA (APOIO) ANA AYALA (DIRECCION) TERE APOIO INFANTIL	CARLOTA (GARDA) BELEN C. (GARDA C) FÁTIMA (GARDA) ALBA (COORD) ANA AYALA (DIRECCION)
13:10-14:00	DOLORES (GARDA) EMMA(GARDA C) EVA (COORD) LUCIA (TP) SILVIA (TP) ANA AYALA (TP)	QUIQUE (GARDA) ARIADNA (GARDA C) EMMA(GARDA) SILVIA (COORD) MJU (SEC) Y ANAG (XEF) ANA MARQUEZ (TP) DOLORES (TP)	DOLORES (GARDA) QUIQUE (GARDA C) ANA G (GARDA) SUSANA (APOIO 4º) M JULIAS (SECRETARIA) CARMEN (TP)	SILVIA(GARDA) DOLORES (GARDA C) ANA MARQUEZ(GARDA) BERNARDO (COORD) ANA AYALA(DIRECCIÓN) MJULIAS (TP) EMMA (TP) ANABEL(TP)	SILVIA(GARDA) ANABEL (GARDA C) APOIO ANILDA EQUIPO DIRECTIVO ANA RIELO (TP) LORENA (TP)

As gardas de convivencia son as que figuran en amarelo. Estas persoas deberán estar dispoñibles e localizables no móbil a esas horas por se o profesorado tivese que contactar con eles.

En caso de ter que facer substitucións prevalecerán estas substitucións fronte ás gardas de convivencia. De ocorrer algún caso e non estar dispoñibles os/as que estean de garda de convivencia, contactarase con algunha persoa do equipo directivo e, se non están no dispoñibles, con orientación.